



Suxestión dirixida á Consellería de Política Social para que procure a actualización dos perfís formativos dos traballadores do sistema de protección de menores, estudando a conveniencia de aproveitar a especialización da titulación de educador social para a posta en marcha dos proxectos de intervención social y educativa cos menores.

Expediente: O.3.Q/13231/17

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

Sr. conselleiro:

Como sabe, ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención [REDACTED], DNI [REDACTED].

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicaba que o motivo da súa queixa é que é educadora social de profesión pero denuncia que se permita a mestres e mestras que están nas listas exercer traballos de tutela en centros de menores, atopándose moitas persoas con formación como educadores en situación de desemprego e non podendo eles acceder a postos de mestres.

Ante iso requirimos información a esa Consellería de Política Social que xa nola remitiu. No informe achegado pola consellería sinálase que na relación de postos de traballo da Consellería de Política Social non existen postos de "educador/a social", polo que resulta imposible que estean cubertos por mestres e mestras, ou por calquera outro perfil profesional.

Sen prexuízo do anterior, considerando que a queixa versa sobre os perfís formativos que permiten o acceso ás listas de substitución para a cobertura temporal dos postos de "educador/a" (grupo II, categoría 6ª) nos centros de menores dependentes da Consellería de Política Social, o informe sinala o seguinte:

-O artigo 8 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, dispón que será requisito indispensable para poder inscribirse nas listas de substitución, entre outros, posuír a titulación académica esixida para participar na convocatoria pública das correspondentes probas selectivas.

-No caso dos postos de educador/a, as titulacións necesarias para participar nos procesos selectivos, e por tanto tamén para inscribirse nas listas de substitución, son as de "*mestre/a, diplomado/a en educación social e o 1º ciclo de licenciatura de psicoloxía ou pedagogía*", tal e como se establece no Anexo I da Orde 21 de febreiro de 2006 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ás categorías correspondentes ao grupo II do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

En conclusión, non existen postos de "educador social" na Consellería de Política Social polo que resulta imposible a súa cobertura por mestres e mestras. Respecto aos postos de "educador/a", estes postos non están reservados aos educadores sociais, sendo posible a cobertura polas persoas que posúan a titulación de mestre/a, diplomado/a en educación social e o 1º ciclo de licenciatura de psicoloxía ou pedagogía, polo que non se están cubrindo postos de "educador/a social" por profesionais con outros perfís formativos.

ANÁLISE

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da queixa e o exposto no seu informe, cómpre facer as seguintes consideracións:

En primeiro termo, esta claro que a configuración da relación de postos de traballo da consellería atinxe ao seu ámbito de auto-organización. Forma parte das prerrogativas da administración determinar os postos de traballo do persoal funcionario e do persoal laboral, vinculados ás necesidades do servizo e a dispoñibilidade dos seus orzamentos. O Estatuto Básico do Empregado Público sinala que as administracións estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións.

Pero é igualmente certo que a relación de postos de traballo é o instrumento técnico mediante o que se realiza a ordenación do persoal, tendo en conta as necesidades dos servizos de modo que é fundamental precisar os requisitos para o desempeño de cada posto, así como as súas características, para que este instrumento sexa realmente eficaz na ordenación e adecuada provisión dos postos de traballo. Por este motivo, os perfís

formativos ou as titulacións requiridas nos procesos selectivos (e tamén para inscribirse nas listas de substitución) deben estar actualizados e procurar que se axusten ao desenvolvemento das funcións propias de cada posto. Para iso, é necesario ter en conta que se esta a aplicar unha normativa de 2006 cando, no que atinxe a educación superior, o Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, introduciu unha profunda modificación na ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, completada polo Real Decreto 1027/2011, de 15 de xullo, no que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior.

Neste sentido, bótase en falta unha actualización e especialización maior nos perfís formativos que permiten o acceso ás listas de substitución para a cobertura temporal dos postos de "educador/a" (grupo II, categoría 6ª). Por unha parte, séguese a aplicar unha configuración do educador que non se corresponde xa co perfil formativo e profesional que este ámbito ten desenvolvido nos últimos anos. En primeiro termo porque non é xa unha diplomatura senón un grao, de acordo coa adaptación das titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior. Cómpre ter en conta neste punto a equivalencia co nivel de grao da anterior diplomatura, establecida na *Resolución de 14 de septiembre de 2015, de la Dirección General de Política Universitaria, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 4 de septiembre de 2015, por el que se determina el nivel de correspondencia al nivel del Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior del Título Universitario Oficial de Diplomado en Educación Social*. Por outra parte, non existen xa as licenciaturas en psicoloxía ou pedagogía, de xeito que sería adecuado actualizar estas titulacións, sen prexuízo das oportunas referencias ás titulacións ou formacións xa extinguidas para aqueles que as cursaron no seu día.

En segundo lugar, unha configuración tan ampla dos postos de "educador/a", que posibilita a cobertura polas persoas que posúan a titulación de mestre/a, diplomado/a en educación social e o 1º ciclo de licenciatura de psicoloxía ou pedagogía, non parece ter en conta a necesaria especialización que este posto esixe no ámbito competencial da Consellería de Política Social. Sería adecuado que, posto que os actuais planes de estudos ofrecen perfís formativos máis específicos, se teñan en conta determinadas titulacións para configurar determinadas categorías dentro dos grupos.

No eido concreto desta queixa, a atención integral dos menores require, ao abeiro da profunda modificación da normativa que regula o sistema de protección á infancia e á adolescencia nas leis de 2015, considerar o perfil formativo dos educadores sociais que parece axustarse mellor á atención e intervención socioeducativa que se precisa nos centros de menores, moi distinta da formación pedagóxica e da función docente no ámbito da educación formal propia dos mestres e mestras de infantil e primaria. De feito, esta

titulación está orientada á formación do educador nos campos da educación non formal, educación de adultos (incluídos os da terceira idade), inserción de persoas en exclusión social ou en risco de padecela e de persoas con discapacidade, así como na acción socioeducativa.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte suxestión:

Que se procure a actualización dos perfís formativos e titulacións requiridas para determinados postos de traballo no sistema de protección de menores, estudando a conveniencia de configurar tales postos aproveitando a especialización que ofrece a titulación como educador o educadora social para a posta en marcha dos proxectos de intervención social y educativa cos menores.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo